



| Guía Docente          |  |                    |  |          |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |  | 2021/22  |
| Asignatura (*)        | Practicum II   | Código             | 652G04045  |          |
| Titulación            | Grao en Logopedia  |                    |  |          |
| Descritores           |  |                    |  |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo   | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre  | Cuarto             | Obrigatoria  | 20       |
| Idioma                | Galego   |                    |  |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |  |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |  |          |
| Departamento          | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónFisioterapia, Medicina e Ciencias BiomédicasPedagogía e DidácticaPsicoloxía  |                    |  |          |
| Coordinación          | Gómez Sánchez, Tania Fátima  | Correo electrónico | tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es  |          |
| Profesorado           | Bueno Palomino, Ana Maria<br>Fernández Fernández, María Pilar<br>Garcia Real, Teresa Juana<br>Gómez Sánchez, Tania Fátima<br>Gonzalez Fernandez, María angeles<br>Laffon Lage, Blanca<br>Lodeiro Fernández, Leire<br>Redondo Diaz, Mª Milagros<br>Rodríguez Machado, Eduardo Rafael<br>Vilariño Vilariño, Maria Isabel | Correo electrónico | ana.bueno@udc.es<br>pilar.fernandez1@udc.es<br>teresa.greal@udc.es<br>tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es<br>maria.angeles.gonzalez@udc.es<br>blanca.laffon@udc.es<br>leire.lodeiro@udc.es<br>m.redondo@udc.es<br>e.rodriguez.machado@udc.es<br>isabel.vilarino@udc.es |          |
| Web                   | <a href="http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum">http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum</a>  |                    |  |          |



|                         |  |
|-------------------------|--|
| <b>Descrición xeral</b> | <p>CORREO-E: <a href="mailto:practicum.educacion@udc.es">practicum.educacion@udc.es</a></p> <p><b>PRERREQUISITOS:</b></p> <p>Para matricularse no Practicum II é necesario ter superados 140 créditos e mais o Practicum I.</p> <p><b>CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE</b></p> <p>Dos 20 créditos ECTS da materia (500 horas), 200 son de carácter presencial e 300 de carácter non-presencial ou de traballo autónomo.</p> <p>Das 200 horas de carácter presencial, 180 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras, e as 20 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e formativas, así coma tutorías na Facultade.</p> <p>O Practicum II, xunto co Traballo de Fin de Grao constitúe a única materia a cursar no segundo cuatrimestre do cuarto curso.</p> <p><b>CONTEXTUALIZACIÓN</b></p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación dos plans de estudio acorde cos requirimentos do novo Espacio Europeo de Educación Superior, posto en marcha no 1999 coa Declaración de Bolonia e que destacaba a importancia de reforzar a investigación-innovación-educación para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito: ?Os títulos de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art.9.1), de tal maneira que contempla a posibilidade de establecer prácticas externas que virían a ?reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecendo a formación?..proporcionando un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (Preámbulo) (RD 1393/2007, de 29 de outubro, de Ordenación das ensinanzaas universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, facilitando que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais; senón tamén asignarlle un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes que se usen para poñer en funcionamento a investigación, situando a práctica profesional no centro da formación, como elemento a ter en conta para a organización do curriculum, onde a reflexión sobre a experiencia converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementando a capacidade de aprender con autonomía, potenciando a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p> <p>O marco conceptual ven dado polos obxectivos xerais para o Grao de Logopedia , fixados pola Orden Ministerial CIN/726/2009, que establece que as competencias propias da logopedia non poden ser desempeñadas por ningún outro profesional ou disciplina.</p> |
|-------------------------|--|



|                             |  |
|-----------------------------|--|
| <b>Plan de continxencia</b> | <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Sen modificacións</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Non se realizan modificacións</p> <p>Se non se puideran completar as horas de estadia no centro, estudarase a situación e seguiranse as indicacións recollidas nas Instrucións do 1 de xullo de 2021 da Secretaría Xeral de Universidades, de previsión de medidas de adaptación das universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2021/2022 e AS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PREVISTAS PARA ACOMODAR AS ACTIVIDADES ACADÉMICAS Á SUSPENSIÓN TEMPORAL DA ACTIVIDADE DOCENTE PRESENCIAL que poidan ser aprobadas dende a propia universidade, así como as RECOMENDACIÓNS DA CONFERENCIA DE DECANOS E DECANAS DE LOGOPEDIA DAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS (CDLUE) RESPECTO ÁS PRÁCTICAS EXTERNAS DO ALUMNADO. A proposta de alternativas farase desde o Vicedecanato de Practicum, contando co acordo do profesorado titor de centro e da facultade así como do alumnado. A proposta presentarase fronte á Comisión de Título para o visto e prace da mesma.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Sen modificacións</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Realizarase a través de correo electrónico, Moodle e Microsoft Teams</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Sen modificacións</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Sen modificacións</p> |
|-----------------------------|--|

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A8                                  | Coñecer os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico.   |
| A9                                  | Coñecer e aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación.   |
| A10                                 | Realizar a avaliación das alteracións da linguaxe nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, retrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, a deficiencia mental, o trastorno xeneralizado do desenvolvemento, os trastornos do espectro autista, a parálise cerebral infantil e as plurideficiencias; os trastornos específicos da linguaxe escrita; as discalculias; as alteracións no desenvolvemento da linguaxe por privación social e as asociadas a contextos multiculturais e plurilingüismo; os trastornos da fluidez da fala; as afasias e os trastornos asociados; as disartrias; as disfonías; as disglosias; as alteracións da linguaxe no avellentamento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo e as inhibicións da linguaxe; as alteracións das funcións orais non verbais: deglución atípica, disfagia e alteracións tubáricas. |
| A11                                 | Redactar un informe de avaliación logopédica.  |
| A12                                 | Realizar unha avaliación tras a intervención.  |
| A13                                 | Coñecer os principios xenerais de la intervención logopédica.  |
| A14                                 | Coñecer as funcións da Intervención logopédica: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento.   |
| A15                                 | Coñecer e aplicar os modelos e as técnicas de intervención.  |
| A16                                 | Coñecer as características diferenciais da intervención logopédica nos ámbitos familiar, escolar, clínico-sanitario e asistencial.   |



|     |  |
|-----|--|
| A17 | Coñecer e realizar a intervención logopédica nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, atrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, a deficiencia mental, o trastorno xeneralizado do desenvolvemento, os trastornos do espectro autista, a parálise cerebral infantil e as plurideficiencias; os trastornos específicos da linguaxe escrita; as discalculias; as alteracións no desenvolvemento da linguaxe por privación social e as asociadas a contextos multiculturais e plurilingüismo; os trastornos da fluidez da fala; as afasias e os trastornos asociados; as disartrias; as disfonías; as disglosias; as alteracións da linguaxe no avellentamento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo e as inhibicións da linguaxe; as alteracións das funcións orais non verbais: deglución atípica, disfagia e alteracións tubáricas. |
| A18 | Coñecer e realizar a intervención logopédica en Atención Temprá.   |
| A19 | Coñecer e implementar os Sistemas de Comunicación Aumentativa.   |
| A20 | Coñecer e implementar as axudas técnicas á comunicación.   |
| A22 | Saber deseñar, programar e avaliar a actuación logopédica.   |
| A25 | Coñecer a organización de institucións educativas, sanitarias e sociais.   |
| A26 | Adquirir un coñecemento práctico para a avaliación logopédica.   |
| A27 | Realizar a planificación estratéxica da intervención logopédica.   |
| A28 | Adquirir un coñecemento práctico en intervención logopédica (formación práctica en ámbitos escolares, clínico-sanitarios e asistenciais).  |
| A29 | Adquirir a formación práctica para o traballo individual, grupal, cooperativo e de mediación con facilitador.  |
| A30 | Coñecer a actuación profesional e os contornos onde se desenvolve a práctica.  |
| A31 | Adquirir o desenvolvemento os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións.  |
| A32 | Utilizar tecnoloxías da información e da comunicación.   |
| B1  | Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.  |
| B2  | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.  |
| B3  | Apreciar as distintas manifestacións da diversidade.   |
| B6  | Capacidade de adaptarse aos cambios.   |
| B8  | Capacidade de observar e de escoitar de forma activa.  |
| B9  | Capacidade de organizar e planificar.  |
| B10 | Capacidade para motivarse e procurar a calidade na actuación profesional.  |
| B11 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.   |
| B12 | Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.  |
| B13 | Coñecer e manexar as novas tecnoloxías da comunicación e da información.   |
| B14 | Destreza e empatía nas relacións interpersoais.  |
| B15 | Poñer en valor a súa profesión no contorno en que desenvolve o seu traballo.   |
| B16 | Resolver problemas de forma efectiva.  |
| B17 | Saber expresarse en público.   |
| B21 | Tomar decisións con autonomía e responsabilidade.  |
| B23 | Traballar de forma colaborativa.   |
| B24 | Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar.   |
| C1  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C3  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.   |
| C5  | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.   |
| C6  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |



| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título  |                                |          |
|--|--------------------------------------|--------------------------------|----------|
|  | A                                    | B                              | C        |
| Aplicar o coñecemento teórico e práctico para a realización dunha avaliación logopédica  | A8<br>A9<br>A10<br>A11<br>A12<br>A26 | B1<br>B3<br>B8<br>B11          | C1       |
| Realizar a planificación estratéxica da intervención logopédica.   | A13<br>A14<br>A15<br>A18<br>A27      | B6<br>B9<br>B10<br>B14         | C3<br>C6 |
| Ser capaz de poñer en práctica un proceso de intervención logopédica   | A17<br>A22<br>A29                    | B12<br>B15<br>B16              | C4       |
| Ser capaz de levar a a cabo o traballo de forma individual, grupal, cooperativo e de mediación con facilitador   | A14<br>A16<br>A30                    | B6<br>B12<br>B15<br>B23<br>B24 |          |
| Coñecer a actuación profesional e as contornas onde se desenvolve a práctica.  | A16<br>A18<br>A25<br>A28             | B12<br>B21<br>B23              | C5<br>C7 |
| Adquirir ou desenvolver os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións. | A29<br>A31                           | B2<br>B15<br>B17<br>B23<br>B24 | C4<br>C8 |
| Utilizar tecnoloxías da información e da comunicación.   | A19<br>A20<br>A32                    | B13                            | C3<br>C6 |

| Contidos |          |
|----------|----------|
| Temas    | Subtemas |



|   |  |
|---|--|
| <p>Os contidos que se abordarán nos diferentes destinos de prácticas estarán básica e intimamente relacionados cos campos profesionais da logopedia e os labores inherentes a eles.</p> <p>Así, durante o período de prácticas os alumnos/as, levarán a cabo accións relacionadas tanto co proceso de avaliación e diagnóstico como co proceso de tratamento logopédico.</p> <p>Ademais, deberán adaptar as técnicas e estratexias empregadas en función de cada caso e do contexto de actuación. Estas tarefas serán supervisadas polos tutores/as de cada centro.</p> <p>De igual maneira, durante a realización deste practicum II será de interese garantir a presenza do/a logopeda en formación naqueles espazos laborais emerxentes en que se albiscaren posibilidades para o exercicio profesional.</p> | <p>O Practicum II establece como contidos, ademais da posta en práctica das técnicas de avaliación e tratamento logopédico, a posta en práctica das habilidades sociais e comunicativas para o establecemento das relacións interpersoais cos usuarios, as súas familias e con outros profesionais implicados no tratamento.</p> |
| <p>Os contidos do Practicum II estarán relacionados cos seguintes aspectos:</p>   | <p>1. Aplicación das distintas técnicas e estratexias de avaliación logopédica, así como elaboración de informes tanto de exploración como de avaliación</p>   |
| <p>O proceso de tratamento logopédico</p>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Formulación de obxectivos e elección de técnicas e recursos materiais mais adecuados.</li> <li>- A avaliación do proceso de intervención.</li> <li>- Pautas de asesoramento e actividades para as familias co obxectivo de que apoiem o proceso de intervención</li> </ul>              |

| Planificación                         |   |   |                         |              |
|---------------------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas                 | Competencias / Resultados   | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Seminario                             | B2 B8 B9 B10 B11<br>B12 B17 B21 C1  | 10                                      | 0                       | 10           |
| Portafolios do alumno                 | A9 A10 A11 A12 A15<br>A17 A18 A19 A20<br>A22 A26 A27 A28<br>A29 A32 B2 B3 B9<br>B13 C1 C3 | 0                                       | 70                      | 70           |
| Análise de fontes documentais         | A8 A13 A14 A25 A30<br>B1 B2 B9 B10 B15 C4<br>C5 C6 C7 C8                                  | 0                                       | 12                      | 12           |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | B2 B8 B9 B10 B11<br>B12 B17 B21 C1  | 8                                       | 0                       | 8            |



|  |  |     |     |     |
|--|--|-----|-----|-----|
| Prácticas clínicas   | A9 A10 A11 A12 A15<br>A16 A17 A18 A19<br>A20 A22 A25 A26<br>A27 A28 A29 A30<br>A31 A32 B3 B6 B8<br>B11 B12 B13 B14<br>B15 B16 B21 B23<br>B24 C1 C3 C4 C5 C6<br>C7 C8 | 180 | 216 | 396 |
| Atención personalizada   |  | 4   | 0   | 4   |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado |  |     |     |     |

| Metodoloxías                          |  |
|---------------------------------------|--|
| Metodoloxías                          | Descrición   |
| Seminario                             | <p>1. Sesión informativa inicial. Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum.</p> <p>2. Selección de institución.</p> <p>3. Tres seminarios de titoría durante o Practicum co profesorado titor da Facultade.</p> <p>- Antes de incorporarse á institución de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna.</p> <p>- Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común dos portafolios do alumnado asignado a un/ha mesmo/a titor/a co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Tamén se comentarán os textos ou documentos seleccionados para este fin.</p> <p>- Ao finalizar a estadia no centro, de seguimento para responder as dúbidas do alumnado que se titoriza no tocante aos documentos solicitados.</p> |
| Portafolios do alumno                 | <p>É un cartafol ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado no Practicum ou o seu rexistro.</p> <p>O portafolios inclúe todo o que fai cada alumna/a, como apuntamentos ou notas, traballos, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios do seu progreso realizados polos titores etc.</p>   |
| Análise de fontes documentais         | <p>Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Practicum II dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institucións clínicas, educativas e/ou asistenciais. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención nos diferentes contextos da práctica profesional. O/a Titor/a da Facultade establecerá as lecturas obrigatorias que considere necesarias para o mellor desenvolvemento do Practicum.</p>   |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | <p>O alumnado asistirá a un evento científico e/ou divulgativo de profesionais e expertos no ámbito da Logopedia que presentarán experiencias profesionais desenvoltas en diferentes contextos laborais (8 horas)</p>  |
| Prácticas clínicas                    | <p>Os estudantes levarán a cabo prácticas en institucións nas que contan cun profesional da logopedia, co fin de que aprendan a desenvolver a súa labor profesional nun ambiente natural relacionado co exercicio da profesión, no que observan e participan en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma.</p>  |



## Atención personalizada

| Metodoloxías                    | Descrición   |
|---------------------------------|--|
| Seminario<br>Prácticas clínicas | <p>-O/a Titor/a da Facultade realizará os contactos que estime oportunos e necesarios co titor/a do centro (cando menos 1) durante o período do Practicum para o mellor desenvolvemento do mesmo. Recoméndase que un dos contactos teña forma de visita.</p> <p>Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías.</p> <p>Polo que se refire ás prácticas clínicas, o titor/a do centro de prácticas supervisará e orientará o traballo de observación e recollida de información do alumnado durante a súa permanencia no centro.</p> |

## Avaliación

| Metodoloxías                          | Competencias / Resultados  | Descrición   | Cualificación |
|---------------------------------------|--|--|---------------|
| Seminario                             | B2 B8 B9 B10 B11<br>B12 B17 B21 C1   | <p>O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios de titoría cos seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Asistencia ás titorías</li> <li>- Grao de cumprimento sobre do plan de seguimento establecido, tendo en conta a pertinencia das súas intervencións, dúbidas, suxerencias, etc.</li> </ul>  | 10            |
| Portafolios do alumno                 | A9 A10 A11 A12 A15<br>A17 A18 A19 A20<br>A22 A26 A27 A28<br>A29 A32 B2 B3 B9<br>B13 C1 C3  | <p>Debería facer referencia a:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>? Características da institución: descrición, características asistenciais, recursos, principios logopédicos, etc.</li> <li>? Parte clínica: Análise do programa ou programas de intervención. Descrición das patoloxías e casos observados e/ou tratados, incluíndo cada unha das fases do proceso de intervención: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Descrición do proceso de avaliación así como das técnicas e instrumentos empregados.</li> <li>- Obxetivos terapéuticos.</li> <li>- Técnicas de tratamento empregadas.</li> <li>- Procedemento nas diferentes sesión.</li> <li>- Conclusión e reflexión sobre dos resultados logrados.</li> </ul> </li> </ul> | 40            |
| Prácticas clínicas                    | A9 A10 A11 A12 A15<br>A16 A17 A18 A19<br>A20 A22 A25 A26<br>A27 A28 A29 A30<br>A31 A32 B3 B6 B8<br>B11 B12 B13 B14<br>B15 B16 B21 B23<br>B24 C1 C3 C4 C5 C6<br>C7 C8 | <p>O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado na institución, facendo unha valoración das seguintes cuestións recollidas na Ficha de avaliación: asistencia e puntualidade, responsabilidade no traballo diario, responsabilidade e interese pola aprendizaxe, competencias profesionais</p>  | 40            |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | B2 B8 B9 B10 B11<br>B12 B17 B21 C1   | <ul style="list-style-type: none"> <li>-Asistencia ás sesións.</li> <li>- Síntese dos contidos dos distintos eventos</li> </ul>  | 10            |

## Observacións avaliación





## PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN:

Para emitir a cualificación final desta materia, o profesor-titor da Facultade terá en conta os 4 elementos recollidos na avaliación: seminarios, portafolio, valoración das prácticas clínicas realizada polo titor da institución colaboradora e a asistencia ó evento científico desenvolvido por profesionais expertos en diferentes ámbitos da práctica logopédica.

### a) Requisitos para superar a materia:

Para aprobar a materia será necesario superar as prácticas clínicas e o portafolios.

### b) Elementos da avaliación que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliación (xullo):

1. As prácticas clínicas non poden recuperarse, polo que un informe desfavorable nas mesmas, na oportunidade de xuño, implica a non superación da materia.

2. Os seminarios e os eventos científicos non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantéñense para a oportunidade de xullo.

3 O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non o supere na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos da avaliación.

### c) Cualificacións:

3. Non realizar as prácticas clínicas estando matriculado na materia supón un Non Presentado.

4. Non presentar o portafolios tendo as prácticas clínicas superadas supón obter a cualificación máxima de 4.

## Fontes de información

|                            |  |
|----------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b> | Cómpre consultar a bibliografía das diferentes materias da titulación segundo o ámbito elixido e de acordo coas indicacións dos titores. |
|----------------------------|--|

|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía complementaria</b> |  |
|------------------------------------|--|

## Recomendacións

|  |
|--|
| <b>Materias que se recomenda ter cursado previamente</b> |
|--|

|   |
|---|
| <b>Materias que se recomenda cursar simultaneamente</b> |
|---|

|   |
|---|
| <b>Materias que continúan o temario</b> |
|---|

|                     |
|---------------------|
| <b>Observacións</b> |
|---------------------|



Co fin de favorecer o axuste á planificación e temporalización da

materia, aquel alumnado que teña previsto solicitar a ampliación da matrícula e incluír o practicum na mesma é necesario que o notifique un mes antes do inicio das prácticas. Deberá remitir un email a [practicum.educacion@udc.es](mailto:practicum.educacion@udc.es), aínda que nese momento non cumpla os requisitos, co fin de facilitarlle as indicacións oportunas. 1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:

1.1. Realizárase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos

1.3. De realizarse en papel:

- Non se empregarán plásticos.
- Realizáranse impresións a dobre cara.
- Empregarase papel reciclado.
- Evitárase a impresión de borradores.

2. Débese facer un uso sustentable dos recursos e evitar impactos negativos sobre o medio natural.

3. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

4. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, deberá incorporarse a perspectiva de xénero nesta materia (usárase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciárase a intervención en clase de alumnos e alumnas?).

5. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influírase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

6. No caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero proporáanse accións e medidas para corrixilas.

7. Facilitárase a plena integración do alumnado que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías